



**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO  
GRUPO DE TRAFICO E DA SEGURIDADE DO  
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

## **REGULAMENTO DO GRUPO DE TRÁFICO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

### **ARTIGO 1. OBXECTO**

A presente normativa regula a estrutura e a organización do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (GTS-COPG).

### **ARTIGO 2. MEMBROS DO GTS-COPG**

O Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está formado por todos os membros colexiados/as que desenvolven a súa actividade profesional, docente ou investigadora no ámbito da prevención e intervención en pro da seguridade na mobilidade así como noutras actividades de risco para terceiros.

### **ARTIGO 3. INCORPORACIÓN**

Toda persoa colexiada que desexe formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá presentar a solicitude e a documentación requirida (Anexo II) . Os requisitos para poder incorporarse ao Grupo son os seguintes:

- Estar ao corrente de pago das cotas colexiais.
- Aceptación da normativa interna e o Regulamento do GTS-COPG (Anexo III)
- Presentación do currículo e documentación pertinente para acreditar a formación e/ou experiencia en Centros de Recoñecemento (CR) ou noutros ámbitos relacionados co tráfico e a seguridade como formación, investigación, intervención, promoción ou prevención.

A documentación será presentada no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. As solicitudes serán analizadas polo Comité de Valoración que emitirá un informe para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.

### **ARTIGO 4. PERMANENCIA E BAIXA NO GTS- COPG**

Criterios de permanencia:

- Cumprir co establecido no presente regulamento e cumprir co Código Deontolóxico, así como con cantas obrigas veñan establecidas pola normativa vixente.
- Asistir como mínimo a un terzo das actividades formativas anuais sinaladas no plan formativo anual deseñado pola Comisión Coordinadora do GTS e doutras actividades consideradas como obrigatorias organizadas polo Grupo. A Comisión Coordinadora terá en conta o número total de horas anuais de formación organizadas desde o Grupo para o cumprimento deste requisito.

Cada dous anos a Comisión Coordinadora revisará a situación dos membros aptos e non aptos para desenvolver programas, de acordo co anexo I, co obxecto de reordenar as listaxes de substitución.

#### **4.2 BAIXA NO GTS**

A baixa poderá ser temporal ou definitiva, que a súa vez poderá ser voluntaria ou por incumprimento do establecido neste regulamento.

**1. Baixa temporal:**

- É baixa temporal aquela que non exceda dos 12 meses nun período de 5 anos. Poderá ser voluntaria ou por incumprimento do establecido neste regulamento.

**2. Baixa temporal voluntaria**

- A persoa interesada comunicará a baixa temporal voluntaria e será indispensable presentar o Anexo V no COPG. Establecerase o período de baixa, que non poderá superar os 12 meses de duración. Se o prazo solicitado é inferior a este poderán comunicarse prórrogas ata os 12 meses.
- Durante esta baixa poderase solicitar a reincorporación en calquera momento.

**3. Baixa definitiva**

A baixa definitiva do GTS-COPG producirase nos seguintes casos:

1. Por vontade do membro da persoa interesada. Será comunicada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Anexo V).
2. Causar baixa como colexiado ou colexiada no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
3. Por exceder a baixa temporal de 12 meses sen xustificación.
4. Por incumprimento grave e/ou reiterado das normas e compromisos recollidos neste regulamento ou sanción grave/moi grave firme disciplinaria. Neste caso non se poderá solicitar a súa reincorporación.
5. Nos casos de baixas definitivas por incumprimento e/ou sanción grave/moi grave firme disciplinaria o Comité de Valoración, tras escoitar, previa solicitude, á persoa interesada, levará a proposta á Comisión Coordinadora e esta á Xunta de Goberno para a súa resolución.

## CAPÍTULO III

### ORGANIZACIÓN INTERNA DO GTS-COPG

#### ARTIGO 5. ESTRUTURA DO GRUPO DE TRAFICO

A dirección do GTS-COPG corresponde á decana ou decano do COPG. Para o funcionamento do GTS-COPG. O GTS-COPG contará cunha persoa coordinadora que será nomeada pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entre os membros do grupo. Así mesmo, dispón dunha Comisión Coordinadora e dun Comité de Valoración.

## **ARTIGO 6. FUNCIÓNS DO COORDINADOR OU COORDINADORA DO GTS-COPG**

- a) Convocar e presidir as xuntanzas da Comisión Coordinadora e do GTS.
- b) Representar o GTS-COPG, xunto co Decanato, ante organismos, entidades, institucións, outros e outras profesionais e medios de comunicación.
- c) Representar o GTS-COPG perante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- d) Asumir a coordinación dos programas de intervención a levar a cabo relacionados co tráfico e a seguridade.
- e) Calquera outra que considere necesaria ou se lle encomende desde a Xunta de Goberno do COPG.

O coordinador ou coordinadora poderá delegar provisionalmente estas funcións, en parte ou na súa totalidade, nun ou varios dos membros da Comisión Coordinadora.

## **ARTIGO 7. A COMISIÓN COORDINADORA**

A Comisión Coordinadora (CC) é un órgano de apoio ao labor do coordinador ou coordinadora e de decisión nas tarefas de organización e funcionamento do GTS-COPG das diferentes áreas de traballo que se acorden dentro desta e do Grupo.

A Comisión Coordinadora reunirse cando menos unha vez cada dous meses.

## **ARTIGO 8. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA**

A Comisión Coordinadora está formada polo/a coordinador/a, un/unha secretario/a, e un máximo de 6 vogais, todos membros do GTS-COPG. Poderán renovarse cada catro anos á proposta da Comisión Coordinadora cunha antelación mínima dun mes antes da Xuntanza anual do Grupo.

Serán elixidos a proposta do/a coordinador/a e aprobados por maioría absoluta dos presentes na Asemblea anual do Grupo GTS-COPG.

## **ARTIGO 9. COMITÉ DE VALORACIÓN**

A Comisión designará ao Comité de Valoración formado polo/a coordinador/a, dous membros da Comisión Coordinadora (aprobados por maioría absoluta dos membros da devandita Comisión en xuntanza da Comisión Coordinadora) e o/a secretario/a da Xunta de Goberno do COPG. Terá como funcións:

- Comprobar e valorar a documentación achegada nas solicitudes.
- Estudar e propoñer as baixas temporais ou definitivas.
- Comunicar ás persoas interesadas as situacións de incumprimento e baixas temporais e definitivas.
- Velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos neste regulamento.

## **ARTIGO 10. FUNCIÓNS DOS MEMBROS DA COMISIÓN COORDINADORA**

De entre todos os membros da Comisión Coordinadora elixírase quen exerza de secretaria ou secretario na Comisión Coordinadora, por maioría absoluta votada en xuntanza da Comisión Coordinadora.

Funcións do secretario ou secretaria:

- a) Levar acta das xuntanzas da Comisión Coordinadora e doutras reunións que se teñan no grupo.
- b) Levar rexistro das novas solicitudes de incorporación ao grupo e de baixas no GTS-COPG
- c) Elaborar a memoria anual do GTS-COPG
- d) Realizar a memoria de actividades e intervencións anual.
- e) Rexistrar a documentación, bibliografía e recursos que pertencen e están á disposición dos membros do GTS-COPG.
- f) Calquera outra función inherente a súa condición de secretario ou secretaria.

Funcións dos e das vogais da Comisión Coordinadora:

- a) Asistir ás reunións da Comisión Coordinadora.
- b) Acordar asuntos da xestión, organización e funcionamento do Grupo.
- c) Desempeñar funcións que sexan delegadas polo coordinador ou coordinadora nalgúns dos seus membros.

## CAPÍTULO IV

### NORMAS DE ACTUACIÓN

#### ARTIGO 11. NORMAS DE ACTUACIÓN

Ser membro do GTS-COPG implica o cumprimento das normas de actuación recollidas neste regulamento así como o cumprimento do Código Deontolóxico e demais normativa vinculante en todas as intervencións. O seu incumprimento nas intervencións pode ser sancionado coa baixa temporal ou definitiva nos termos descritos no capítulo II.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Á entrada en vigor deste regulamento, os membros que actualmente constitúen o GTS-COPG continuarán formando parte del, sendo obrigatorio a sinatura do compromiso de aceptación da normativa GTS-COPG.

**DISPOSICIÓN FINAL:** O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



## ANEXO I

### PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN EN TRÁFICO E SEGURIDADE

A través de convenios con diferentes Administracións, desde o COPG desenvolvemos programas de intervención relacionados co tráfico e a seguridade. Os membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade que acrediten os seguintes requisitos poderán desenvolver estes programas:

- a) Os establecidos no artigo 3 con carácter permanente.
- b) Acreditar formación específica:
  - 100 horas de formación relacionada co tráfico e a seguridade.
  - 30 horas de formación en programas de intervención así como noutras temáticas que se avalíen como necesarias.
- c) Asistir como observador a un programa cun grupo completo.
- d) Desenvolver un programa a un grupo supervisado por unha persoa responsable de grupo.
- e) Ter dispoñibilidade necesaria e compromiso para intervenir.

A documentación acreditativa será presentada no COPG xunto coa solicitude correspondente (Anexo III). Esta será valorada polo Comité de Valoración.

#### Funcións:

- Participar nas tarefas de planificación, prevención, previsión e desenvolvemento dos programas.
- Participar en investigacións, elaborar programas de prevención, fomentar a cultura preventiva, traballar na inclusión das e dos profesionais da psicoloxía nos plans de mobilidade segura así como doutras actividades de risco para terceiros.
- Colaborar e asesorar a organizacións, institucións e asociacións de vítimas de tráfico sobre as consecuencias psicolóxicas dos accidentes así como do impacto social que producen.

## ANEXO II. SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO GTS-COPG

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº colexiación: \_\_\_\_\_ Tfños.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

### SOLICITA

Ser membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Para tal fin, reúne os requisitos necesarios e axunta a documentación que así o acredita, de acordo co Regulamento de Réxime Interno do GTS-COPG

- Estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- Presentación do currículo.
- Presentación de documentación acreditativa de formación relacionada coa mobilidade/seguridade.
- Presentación de documentación acreditativa de experiencia relacionada con esta área.
- Documento de aceptación do Regulamento de Réxime Interno do GTS-COPG.
- Compromiso de asistencia a un mínimo dun terzo das actividades específicas anuais organizadas polo Grupo.

*\*Axuntar orixinal ou copia cotexada. Pódese presentar no COPG orixinal e copia para o seu cotexo.*

Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservámoslos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular oponerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal.

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal o dirixíndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruídos conforme a la normativa vixente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en copgalicia@copgalicia.gal. Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablon de la entidad o en la página web www.copgalicia.gal



## ANEXO III. COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DA NORMATIVA DO GRUPO DE TRAFICO E DA SEGURIDADE

Don/Dona \_\_\_\_\_

Colexiado/a número \_\_\_\_\_ como membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade (GTS) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a cumprir e acatar o Regulamento de Réxime Interno do GTS, sendo informado/a do contido do mesmo e recibindo unha copia da citada normativa.

Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Diaz, con contacto no teléfono 981894601 e en copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad. Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirigido a copgalicia@copgalicia.gal o dirigiéndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruidos conforme a la normativa vigente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Diaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en copgalicia@copgalicia.gal. Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablón de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

## ANEXO IV. SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN Á LISTAXE PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN RELACIONADOS CO TRÁFICO E SEGURIDADE

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº colexiación: \_\_\_\_\_ Tfnos.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

### SOLICITA

Ser membro da listaxe para desenvolver Programas do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Para tal fin, reúne os requisitos necesarios e axunta a documentación que así o acredita, de acordo co Regulamento de Réxime Interno do GTS, recollidos no ANEXO I.

*\*Axuntar orixinal ou copia cotexada. Pódese presentar no COPG orixinal e copia para o seu cotexo.*

Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoste que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservámostos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular oponerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoste que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el exercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal o dirixíndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruídos conforme a la normativa vixente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en copgalicia@copgalicia.gal. Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablon de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

### SOLICITA

A baixa definitiva como membro do: Grupo de tráfico do COPG

Grupo de Tráfico e da Seguridade

Grupo de Programas

con data \_\_\_\_\_ por motivos \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirigido a copgalicia@copgalicia.gal o dirixíndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruídos conforme a la normativa vixente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en copgalicia@copgalicia.gal. Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablon de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).